



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

<b>Proxecto</b>	<i>Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de San Cristovo y Grixoa</i>
<b>Plano</b>	Plano provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos 2019 (POS+2019)
<b>Código obra</b>	19.2100.0063.0
<b>Orzamento</b>	153070.08 € (21 % IVE incluído)
<b>Licitación (PLCSP)</b>	2019/C003/00003
<b>Procedemento</b>	aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática
<b>Tramitación</b>	ordinaria

**Lugar:** sala de xuntanzas da alcaldía

**Sesión núm.:** 3

**Tipo de sesión:** ordinaria

**Data:** 17 de xuño de 2020

**Hora de comezo:** 11:10 h

**Hora de remate:** 11:20 h

### ASISTENTES

- David Barbeira García, alcalde, presidente
- Cristina Alonso Losada, secretaria xeral da Corporación, vogal primeiro
- Carlos A. Vega García, interventor municipal, vogal segundo
- Evaristo Lois Rama, funcionario axunto a secretaría, como secretario da mesa, con voz e sen voto

### ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación acta sesión anterior, a núm. 2 do 27/12/2019
- 2 Estudo da xustificación e do informe técnico da/s oferta/s con valores anormalmente baixo/s (OAB)
- 3 Proposta de adxudicación, se procede
- 4 Rolda de intervencións

Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.



## DEBATE E ACORDOS

### **1 Aprobación acta sesión anterior, a núm. 2 do 27/12/2019**

A secretaria xeral e o interventor da Corporación manifestan que se absteñen na votación xa que logo non participaron como funcionarios que teñen encomendado o asesoramento xurídico e o da intervención, respectivamente, no debate nin nas resolucións aprobadas por seren substituídos nesas funcións pola secretaria xeral en acumulación de funcións, Ana Beatriz Oveja Villafañe, (PR da DXAL do 02/08/2019) e o interventor en acumulación de funcións da Corporación, Francisco Javier Ulloa Ares (PR da DXAL do 20/12/2019).

Apróbase a acta da sesión anterior, por maioría simple, a núm. 2 correspondente ao 27/12/2019, de carácter ordinario.

### **2 Estudo da xustificación e do informe técnico da/s oferta/s con valores anormalmente baixo/s (OAB)**

A mesa de contratación, en sesión ordinaria do 27/12/2019, considerou, en principio, como anormalmente baixa a proposición do licitador *Nemesio Ordóñez, SA*.

Logo de ver a cláusula 15.4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, (PCAP), que establece que cando o órgano de contratación *presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP), notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidas nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustificuen as ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.4 desta cláusula.*

A xustificación realizada polos licitadores remitirase aos servizos técnicos para o fin que emitan o correspondente informe.

O 13/02/2020, mediante a comunicación que establece a Plataforma de Contratación do Sector Público, (PLCASP), foi notificada esta circunstancia ao licitador supostamente comprendida nela para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustificase a oferta.

O licitador presenta a xustificación da oferta anormalmente baixa no tempo e na forma (data do 14/02/2020, ás 09:54:40 h, Código seguro de verificación: *TNBOK\_TIHEC\_RXHJI\_88478*).



A xustificación da oferta anormalmente baixa realizada polo licitador *Nemesio Ordóñez, SA*, foi achegada ao técnico externo designado pola alcaldía para que emita o correspondente informe (cláusula 15.4.1 do PCAP).

O 27/05/2020, o técnico externo designado pola alcaldía, Jesús Manuel Puga Mallo, informa:



**Jesús Manuel Mallo Puga**  
Ingeniero Técnico Industrial  
Col. 1.178 del COETICOR

**Jesús Manuel Mallo Puga**, Enxeñeiro Técnico Industrial adscrito ó Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña co número de colexiado 1.178, con documento nacional de identidade número 52.433.319-N, comparezco y **DIGO**:

Fun requerido polo Concello de SANTA COMBA para realizar un informe sobre a documentación presentada polos licitadores para xustificar a súa oferta xa que esta é anormalmente baixa:

Datos da obra:

Núm. expediente	2019/C003/000005
Código de obra	19.2100.0063.0
Obra/proxecto	<i>Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de San Cristovo y Grixoa</i>
Plano	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos 2019 (POS+2019)
Importe	Valor estimado: 126504,2 € + IVE 26585,88 € (21 %) = 153070,08 €
Procedemento	aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación: aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática
Trámite	ordinario
Redactor/a	Jesús Manuel Mallo Puga, enxeñeiro técnico industrial, colexiado núm. G-1178 do COETICOR
Financiamento	Deputación provincial da Coruña Concello Santa Comba (se for o caso)

## INFORME

Empresa: *Nemesio Ordóñez, Sociedad Limitada (NOSA S.L.)*.

Par a xustificación da súa oferta económica anormalmente baixa, as empresas teñen que aterse o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación:

**15.4.4 Documentación que se ha achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.**  
*Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar ou non a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:*

1. Xustificación de prezos ofertados:

A. Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público



**Jesus Manuel Mallo Puga**  
Ingeniero Técnico Industrial  
Col. 1.178 del COETICOR

B. *Maquinaria*

C.

B.1 *Alugueiro e/ou contratación*

- *Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos*

B.2 *Medios propios*

- *Relación detallada da maquinaria*
- *Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico*

## CONCLUSIONS

Por parte da empresa NOSA, S.L., non se xustificou a súa oferta según o PCAP xa que soamente presentou unha carta ratificándose na mesma, por tanto, **non é asumible.**

Este é o meu leal saber e entender, o mesmo tempo quero poñer en coñecemento que efectuei o informe encomendado coa maior obxetividade posible.

O abaixo firmante é coñecedor do código penal e en concreto dos artigos 458 e 459.

A Coruña, 27/05/2020  
Fdo. **JESUS M. MALLO PUGA**

**MALLO PUGA**  
**JESUS MANUEL**  
**- 52433319N**

Firmado digitalmente por MALLO PUGA  
JESUS MANUEL - 52433319N  
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,  
serialNumber=52433319N, sn=MALLO  
PUGA, givenName=JESUS MANUEL,  
cn=MALLO PUGA JESUS MANUEL -  
52433319N  
Fecha: 2020.05.27 11:30:57 +02'00'

**Enxeñeiro Técnico Industrial**  
Col. 1.178 del C.O.E.T.I.COR.



A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

- 1 Tomar coñecemento e avaliar o informe indicado arriba que asina electronicamente o técnico externo designado pola alcaldía referente á xustificación da oferta con valores anormalmente baixos que presenta *Nemesio Ordóñez, SA*, e que comproba que a oferta é anormalmente baixa e motiva os extremos nos que considera que non é viable.
- 2 Considerar oferta anormalmente baixa a realizada polo licitador *Nemesio Ordóñez, SA* por non cumprir os requirimentos do prego.
- 3 Rexeitar a oferta que realiza a empresa *Nemesio Ordóñez, SA* que se motiva no informe do técnico externo designado pola alcaldía e non cumprir os requirimentos e os requisitos do prego.

### **3 Proposta de adxudicación, se procede**

Logo de ver o informe que realiza o técnico externo designado pola alcaldía referente á valoración dos criterios non avaliados mediante fórmulas, 1ª fase de valoración das ofertas, (xuízo de valor), (cláusula 15.1 do PCAP), que é avaliado pola mesa de contratación na sesión ordinaria do 15/03/2019.

Logo de ver as ofertas económicas e demais criterios avaliados de forma automática, 2ª fase de valoración das ofertas, (cláusula 15.1 do PCAP).

Logo de ver o informe que realiza o técnico externo designado pola alcaldía referente a xustificación da oferta anormalmente baixa que presenta o licitador *Nemesio Ordóñez, SA*. Comproba o técnico que a oferta é anormalmente baixa e motiva os extremos nos que considera que non é viable.

Logo de ver os criterios de adxudicación que establece o PCAP que rexe a licitación:

Criterios non avaliados mediante fórmulas (xuízo de valor) -V	25 puntos
Plano de Igualdade (PI)	10 puntos
Incremento do prazo de garantía (IPG)	60 puntos
Oferta económica	5 puntos



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

A valoración total das ofertas:

Licitador	Valor. técnica	P.I.	IPG	Valoración oferta económica	Total
<i>Arias Infraestructuras, SA</i>	14,50	10,00	60,00	3,51	88,01
<i>Eulogio Viñal, SA</i>	16,50	10,00	60,00	1,52	88,02
<i>Francisco Gómez y Cía, SL</i>	15,40	10,00	60,00	3,23	88,63
<i>Consmalca, SL</i>	17,00	10,00	60,00	2,36	89,36
<i>J. Mauri e Hijos, SL</i>	21,80	10,00	60,00	0,98	92,78
<i>Leonardo Miguélez, SL</i>	20,80	10,00	60,00	0,96	91,76
<i>Obras y Viales de Galicia, SL</i>	19,00	10,00	60,00	1,93	90,93
<i>Hordescon, SL</i>	15,60	0,00	60,00	3,33	78,93
<i>Yoni Tuñas, SL</i>	15,00	10,00	60,00	0,58	85,58

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Avaliar e clasificar as proposicións presentadas e admitidas, por orde decrecente, logo de ponderar os criterios que se deben aplicar para efectuar a selección do adxudicatario:

Empresa Licitadora	Puntuación total orde decendente
<i>J. Mauri e Hijos, SL</i>	92,78
<i>Leonardo Miguélez, SL</i>	91,76
<i>Obras y Viales de Galicia, SL</i>	90,93
<i>Consmalca, SL</i>	89,36
<i>Francisco Gómez y Cía, SL</i>	88,63
<i>Eulogio Viñal, SA</i>	88,02
<i>Arias Infraestructuras, SA</i>	88,01
<i>Yoni Tuñas, SL</i>	85,58
<i>Hordescon, SL</i>	78,93

A empresa que acadou a mellor puntuación e as condicións da oferta:

<b>Empresa</b>	<b>Construcciones Mauri e Hijos, SL</b>
<b>Puntuación</b>	92,78 puntos
<b>Prezo</b>	146641,13 €
<b>Valor estimado</b>	121191,02 €
<b>IVE (21 %)</b>	25450,11 €
<b>Incremento prazo garantía</b>	1 (garantía) + 4 anos (incremento). Total: 5 anos
<b>Prazo de execución</b>	(2 meses , segundo o proxecto)



<b>Economía</b>	6428,95 €
<b>Plano de Igualdade</b>	Si. A empresa está obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución da obra (anexo IV, apartado II.3 igualdade da Fase II do PCAP)
<b>Motivación</b>	mellor oferta, (relación calidade-prezo),: maior puntuación dos criterios non avaliados mediante fórmulas e da oferta económica e demais criterios avaliados de forma automática

2 Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, posúe a solvencia económica, financeira e técnica ou, de ser o caso, a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

3 Requirit a empresa que acadou a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso a que se refire o artigo 75.2; a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2. Ademais deberá presentarse a documentación indicada nos apartados 11,12,13 e 14 da cláusula 16.1 do PCAP; estaren ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e tamén coas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia, e todo iso no prazo de 7 días hábiles contados desde o envío da comunicación.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte á Administración (artigo 157.6 da LCSP).

#### 4 Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa

Evaristo Lois Rama

(Documento que se asina electronicamente)

O presidente da mesa

David Barbeira García